

Descrición das actividades

Arte coas mans: Actividade pensada para que os nenos/as descubran as manualidades dunha forma sinxela e divertida e que poidan desenvolver a súa creatividade e imaxinación.

Xogoteca: Actividade orientada á educación en valores a través do xogo, predeporte, obradoiros musicais, contacontos, plástica, creatividade, pintura, etc...

Mini Chef: Actividade orientada a fomentar a destreza e potenciar a creatividade a través do entorno da cocina e os alimentos: Alimentación sana, planificación de recetas, traballo en equipo, manexo de utensilios, traballo persoal, etc..

Horto Ecoloxico: Aprendizaxe na plantación de diferentes especies, fomento e respecto pola natureza, indentificación de diferentes tipos de plantas e hortalizas, preparación do terreo para o cultivo, sementar e plantar.

Zumba Kids: Actividade física que combina a música con movementos rítmicos favorecendo o desenvolro das capacidades coordinativas e rítmicas do neno/a. Nesta actividade aprenderán diferentes tipos de bailes, movementos, exercicios, etc..

Deseño Gráfico: Aprendizaxe e composición de paxinas con imaxes de textos, coñecemento das tipografías existentes xogando con tamaños e cores ata conseguir deseños atractivos, fotografía dixital, etc...

Bricolaxe Infantil: Aprendizaxe no uso de ferramentas de bricolaxe adaptada aos máis pequenos e realización de exemplos prácticos.

Circo e Malabares: Actividade orientada a adquirir destrezas no mundo do circo coa elaboración de malabares, caracterización, etc...

Obradoiro de construción e creatividade: Creación mediante bloques e pezas de construccions sinxelas que contribúen a desenrolar habilidades motrices, favorecendo a destreza e a organización persoal.

Baile Moderno: Exercicio físico, ritmo, diversión, traballo en equipo e movementos ao ritmo da música.

Pequencia e Divermates: "Explorando aprendo". Pequenos xogos científicos para explorar, sorprender, experimentar e aprender.

Maxia: Con esta actividade se fomenta o desenvolvemento do pensamento, destreza e habilidade

Speak Out: Actividade orientada a potenciar a práctica da conversa en lingua inglesa. Dirixida ao alumnado cun nivel avanzado de inglés.

Iniciación á Informática Adultos: Coñecemento e manexo do ordenador, funcións básicas, tratamento de textos, correo electrónico, etc...

Estimulación temperá: Esta actividade dirixida a bebés de 0 a 3 anos consiste na adquisición de destrezas y habilidades de maneira natural a través do xogo, a exploración e a curiosidade co fin de que entendan o que acontece ao seu arredor.



Concellaría de Educación,
Xuventude e Saúde

SADA EDUCA



OFERTA DE ACTIVIDADES
EXTRAESCOLARES E FORMATIVAS

CURSO 2016-2017

ACTIVIDADE	TEMPORALIDADE	LUGAR DE REALIZACIÓN	ALUMNADO DESTINATARIO
ESTIMULACIÓN TEMPERÁ	MARTES E VENRES DE 10:30 A 12:30	OMIX	0-3 ANOS
XOGOTECA	SÁBADOS DE 10:30 A 13:30	ESCOLA INFANTIL FLORA RAMOS	E.I.
CIRCO E MALABARES	MARTES E XOVES DE 16:00 A 17:00	PAVILLÓN IES ISAAC DÍAZ PARDO	E.I. e 1º e 2º E.P.
INGLÉS WEEKEND (1 HORA SEMANA)	SÁBADOS DE 12:00 A 13:00	ESCOLA INFANTIL FLORA RAMOS	E.I.
INGLES INFANTIL (2 HORAS SEMANA)	LUNS E MERCORES DE 16:00 A 17:00 / 17:00 A 18:00	OMIX	E.I.
OBRADOIRO DE CONSTRUCCION E CREATIVIDADE	LUNS E MERCORES 17:00 A 18:00 / 16:00 A 17:00	OMIX	E.I.
ARTE COAS MANS	MARTES E XOVES DE 16:00 A 17:00	IES ISAAC DÍAZ PARDO	E.I.
HORTO ECOLÓXICO	SÁBADOS DE 11:30 A 13:30	CEIP MONDEGO	E.I.
BAILE MODERNO	MARTES E XOVES DE 17:00 A 18:00	PAVILLÓN IES ISAAC DÍAZ PARDO	E.I. e 1º, 2º, 3º E.P
MINI CHEF	SÁBADOS DE 10:00 A 12:00	ESCOLA INFANTIL FLORA RAMOS	3º, 4º, 5º E.P.
MINI CHEF	SÁBADOS DE 12:00 A 14:00	ESCOLA INFANTIL FLORA RAMOS	1º, 2º, 3º E.P.
ZUMBA KIDS	MARTES E XOVES DE 17:00 A 18:00	PAVILLÓN IES ISAAC DÍAZ PARDO	E.P.
MAXIA	MARTES E XOVES DE 16:00 A 17:00	IES ISAAC DÍAZ PARDO	E.P.
BRICOLAXE INFANTIL	MARTES E XOVES DE 17:00 A 18:00	IES ISAAC DÍAZ PARDO	E.P.
PEQUECIENCIA E DIVERMATES	MARTES E XOVES DE 17:00 A 18:00	IES ISAAC DÍAZ PARDO	E.P.
BAILE URBANO (BREAK, HIP HOP, RAP, ETC)	MERCORES DE 16:00 A 18:00	PAVILLÓN IES ISAAC DÍAZ PARDO	4º, 5º, 6º E.P. / ESO
DESEÑO GRÁFICO	MARTES E XOVES DE 16:00 A 17:00	OMIX	5º, 6º E.P / ESO
MÉTODOS DE APRENDIZAXE E REFORZO ESCOLAR	MARTES E XOVES DE 17:30 A 18:30	IES ISAAC DÍAZ PARDO	ESO, BACHARELATO
INGLES BASICO	LUNS 10:30 a 12:30	OMIX	ESO, BACHARELATO, ADULTOS
INGLES MEDIO	MERCORES 10:30 A 12:30 / MARTES 18:30 A 20:30	OMIX / IES ISAAC DÍAZ PARDO	ESO, BACHARELATO, ADULTOS
SPEAK OUT	XOVES 10:30 A 12:30 / 18:30 A 20:30	OMIX / IES ISAAC DÍAZ PARDO	ESO, BACHARELATO, ADULTOS
INICIACION ALEMÁN	MERCORES DE 18:30 A 20:30	IES ISAAC DÍAZ PARDO	ESO, BACHARELATO, ADULTOS
INMERSION LINGÜÍSTICA AO CASTELÁN	MERCORES 18:30 A 20:30	IES ISAAC DÍAZ PARDO	PUBLICO XERAL
INMERSION LINGÜÍSTICA AO GALEGO	MERCORES 18:30 A 20:30	IES ISAAC DÍAZ PARDO	PUBLICO XERAL
INICIACION Á INFORMÁTICA	MERCORES 10:30 a 12:30	OMIX	ADULTOS

- Inicio das actividades: **3 de outubro** de 2016 / Finalización: **23 de xuño** de 2017.
- Prazo de pre-inscrición: **Do 1 ao 16** de setembro (ambos inclusive)
- Publicación da listaxe **provisional** de admitidos/as e de agarda, así como das actividades que se van a realizar cumprindo o mínimo de inscricións: **21 de setembro**.
- Prazo de formalización de matrícula: **Do 21 ao 27** de setembro (ambos inclusive)
- Publicación da listaxe **definitiva** de admitidos/as e de agarda, así como das actividades que se van a realizar cumprindo o mínimo de formalizacións: **29 de setembro**
- Interrupción do programa Sada Educa nos períodos vacacionais establecidos no calendario escolar:(Nadal, Entroido, Semana Santa, etc...)
- Prezo para o alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO e Bacharelato: **10 €/mes. (Descontos)**: Consultar bases.
- Para aplicar os mencionados descontos será preciso acreditar copia do **Libro de Familia / Título de F.N.**
- Prezo para o alumnado dos cursos formativos adultos: **54 €** (pago do 21 ao 27 de setembro) e **54 €** (pago do 21 ao 24 febreiro de 2017)
- Prezo para o alumnado de Estimulación Temperá (0 a 3 anos): **5€ persona/mes.** Inglés weekend os sábados (E.I.) **5 € persona/mes.**
- **Sorteo:** Só se realizará sorteo naquelas actividades **onde a demanda sexa superior á oferta**. Os horarios nestas actividades poderían sufrir modificacións. Data do sorteo (de ser o caso): **19 de setembro** ás 12:00.
- Existe a posibilidade de inscrición ao longo do curso para aquelas prazas que quedasen vacantes e sen listaxe de agarda.
- Para a realización das actividades deberá existir un mínimo de **7 participantes**.
- As pre-inscricións poderán realizarse no email **omixsada@gmail.com** ou na Oficina da Xuventude. (Horario de 09:00 a 14:00 h). 981620331